

1º POSTO – CATEGORÍA ADULTA

PÚXENME A ESCOITAR NO SILENCIO DA NOITE

Púxenme a escoitar no silencio da noite, abrín a xanela, e púxenme a escoitar. Mais non había tal silencio, non, porque a noite fala. Eu sentina, e pensei que falaba soa, pero non, chamaba pola lúa, e a lúa achegouse e fíxose moito máis grande e virou moito máis clara.

Tamén falou coas nubes, non entendín moi ben o que lles dixo, pero as nubes fóronse arredando e puideron ver o moito que brillaban as estrelas, e puideron ver o regueiro, as súas augas cristalinas parecían que quedaran durmidas e semellaban espellos.

Tamén a escoitei falando co vento, e o vento empezou a asubiar moi amodiño, parecía que tocaba nun violín, e a noite seguíalle o ritmo, e cantaba:

Eu só soño
Ser a antesala do teu sono
Que o libro que les sexa o meu libro
Que cada páxina que escribo
Te leve de viaxe
Eu só pretendo ser diverso
E falar na túa linguaxe
Que poñas música ós meus versos
Que te enchas de emoción
Que cantes comigo esa canción
Que xuntos, deamos un concerto
Eu non preciso que me aplaudas
Só quero verte cerca
Sentir os aloumiños e as apertas
Saber que non canto só ós fantasmas
Eu só soño
Ser a antesala do teu sono
Eu só pretendo que as túas letras
Sexan na lingua dos poetas.

E vin, vin como bailaban os carballos da carballeira, eu sei que os vin, e que ben bailaban ...Foi daquela cando sentín aquel forte estrondo, dirixín cara alí a miña mirada, e vin como se incorporaba a estrada aquela nave chea de luces. Era un camión cisterna de Feiraco, e pensei:

-Moito madrugan os gandeiros!

E, o meu pensamento perdeuse noutra cousa e levoume por un intre a cando era neno, e lembrei aqueles tempos nos que só había unha muxidora en toda a aldea. Lembreime de mamá muxindo na Parrula, e lembrei que pola mañá cedo ía con ela levarlle dous caldeiros de leite ó leiteiro.

Tamén lembrei aquel sabor do leite morno, aquelas tardes no río...e sentín morriña daquel tempo.

Practica a *Leiteratura*



Cando vin en min, xa non falaba a noite, xa non podía ollar a lúa, e puiden ver a primeira luz da alba.

Volvín á cama e quixen durmir outro pouquiño, pero parecíame que os meus pés querían bailar, e na miña cabeza escoitaba aquela fermosa cantiga que cantaba a noite, e eu, eu fun adormecendo mentres a escoitaba:

Eu só soño
ser a antesala do teu sono
que o libro que les sexa o meu libro
que cada páxina que escribo...